



EXPOSICIÓN

LEANDRO SEIXAS

ESCULTURAS

INAUGURACIÓN: XOVES 12 DE DECEMBRO DE 2019
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA
DENDE O 12 DE DECEMBRO DE 2019 AO 15 DE XANEIRO DE 2020



O Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o acto de inauguración da **EXPOSICIÓN DE ESCULTURAS DE LEANDRO SEIXAS**, que terá lugar o próximo xoves 12 de decembro, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba.

A mostra confórmana 11 pezas escultóricas realizadas a maior parte delas en mármore.

Permanecerá aberta ata o día 15 de xaneiro de 2020.

En palabras do propio Leandro Seixas, *esculpir consiste na apropiación do espazo coma un lugar de reflexión onde se formula volumetricamente o inconcreto, sexa isto unha emoción, un pensamento ou calquera impresión que dende o subconsciente latexa difusa na intuición, ate materializarse primeiramente nun bosquejo e máis tarde nunha forma viva, capaz de establecer unha comunicación emocional co espectador.*

Con motivo desta primeira exposición de Leandro Seixas en Vilalba, o IESCHA publica un libro-catálogo onde se recollen tanto as pezas que forman parte desta mostra como outros traballos de gran formato que Leandro ten colocados en distintas partes do mundo.

